


Fondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A ANÁLISE PILOTO DE ARPSI PLUVIAIS E DO EFECTO DO CAMBIO CLIMÁTICO NOS NOVOS CICLOS DE DESENVOLVEMENTO DA DIRECTIVA EUROPEA DE INUNDACIONES, NO MARCO DO PROXECTO INNOAUGAS 4.0, COFINANCIADO NUN 80% DO GASTO ELIXIBLE POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER PLURIRREXIONAL DE ESPAÑA 2014-2020

A Coruña, 21 de xuño de 2022

REUNIDOS



Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta da citada entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, de 4 novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro

Doutra, José María Barja Pérez, actuando en calidade de Presidente do Padroado da Fundación Universidade da Coruña, segundo nomeamento acordado no Padroado celebrado o 18 de novembro de 2004.



Fundación
UNIVERSIDADE
DA CORUÑA

EXPOÑEN

Primeiro. Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería

Fondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa

de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Augas de Galicia é competente para o establecemento de convenios ou acordos de colaboración e cooperación con administracións e entidades públicas para o desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto da entidade pública.

Segundo. Que a Fundación Universidade da Coruña (en adiante FUAC) é unha Fundación de carácter benéfico-docente, constituída para a promoción, desenvolvemento e financiación das actividades propias da Universidade da Coruña (UDC) e as súas relacións coa sociedade. É, polo tanto, unha organización non lucrativa medio propio da Universidade, incluída na denominación de fundación universidade - empresa tal e como demostra a composición do Padroado, o obxecto social, e os fins fundacionais establecidos nos Estatutos.


Segundo o artigo décimo terceiro dos seus Estatutos establécese que a FUAC é un medio propio instrumental e de servizo técnico da Universidade da Coruña (en diante UDC), considerándose a relación da FUAC coa UDC, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado, e articulándose a través de encomendas de xestión, de conformidade co previsto no artigo 24.6 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Que ten encomendada por parte da Universidade da Coruña a través de Resolución Reitoral do 01.09.2017 a xestión económica e administrativa de proxectos de investigación amparados no Art. 83 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e das Cátedras institucionais da UDC que inclúe entre outros a xestión, dos servizos de asesoramento, información e apoio a investigación, tramitando, os informes, estudos e investigacións que se realicen por profesores e departamentos da citada Universidade con entidades públicas ou privadas.


Fondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa

Terceiro. Augas de Galicia decidiu impulsar o proxecto Innoaugas 4.0 como unha ferramenta estratéxica cunha dobre vertente desde o punto de vista das políticas públicas: desenvolver solucións que permitan unha xestión avanzada dos recursos hídricos galegos que non se pode realizar de maneira adecuada coas solucións técnicas e tecnolóxicas que hoxe en día ofrece o mercado; e impulsar a investigación e innovación desde o lado da demanda co fin de que esa mellora dos servizos públicos sexa cómplice dunha mellora da competitividade empresarial.



Cuarto. O proxecto Innoaugas 4.0 concorreu e foi seleccionado na liña de Fomento da Innovación desde a Demanda para a Compra Pública de Innovación (en diante, Liña FID) do Ministerio de Ciencia e Innovación (en diante MCIN); un instrumento enmarcado no Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020 especificamente deseñado para a concesión de axudas para o desenvolvemento de produtos ou servizos innovadores adquiridos por parte de compradores públicos a través do mecanismo da Compra Pública de Innovación (CPI). Os proxectos seleccionados no marco da Liña FID, como é o caso de Innoaugas 4.0, están cofinanciados nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional 2014-2020 (FEDER). Neste sentido, con data 3 de decembro de 2020 asinou un convenio entre o Ministerio de Ciencia e Innovación e o Ente Público Augas de Galicia (ADG) que regula as condicións do proxecto "Xestión avanzada dos recursos hídricos galegos INNOAUGAS 4.0", cofinanciado con fondos FEDER.



Quinto. Innoaugas 4.0 estrutúrase ao redor de tres retos expostos para abordar as principais problemáticas ás que se enfrenta Augas de Galicia como xestor de recursos hídricos:

- Reto 1: Sistema integral de información hidrolóxica para unha xestión avanzada dos recursos hídricos.
- Reto 2: Fortalecemento das capacidades de preparación e adaptación ao cambio climático.

Fondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa

- Reto 3: Economía circular no ciclo integral da auga.

Sexto. No ámbito de actuación do reto 2 do proxecto Innovaugas 4.0, Augas de Galicia dispón dun sistema de alerta temperá, denominado MERLIN, que incorpora información en tempo real das Axencias Meteorolóxicas MeteoGalicia e AEMET, e que se está a implantar en todas as Áreas con Risco Potencial Significativo de Inundacións (ARPSI) de Galicia. A vinculación da información existente dos estudos realizados nas ARPSI por Augas de Galicia cos modelos meteorolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como das ferramentas de seguimento en tempo real está a permitir pechar o ciclo "técnico" da alerta hidrolóxica.

A ferramenta MERLIN desenvólvese como parte do Plan de Xestión do Risco de Inundacións, de acordo co desenvolvemento da Directiva Europea de Inundacións (DEI) (60/2007) e a súa transposición ao ordenamento xurídico español (Real Decreto 903/2010). Dado que MERLIN xera en tempo real mapas onde se definen as zonas inundables, e que a DEI esixe o desenvolvemento destes mapas, moitos dos modelos incluídos en MERLIN, foron en xeral os desenvolvidos para dar cumprimento á DEI, e foron desenvolvidos co *software* Iber. Reciprocamente, os modelos desenvolvidos especificamente para MERLIN poden ser usados para xerar os mapas de inundacións que deben ser reportados á Unión Europea en cada ciclo de planificación.

Sétimo. Considérase de interese común para ambas as dúas partes a integración de novas ARPSI, e concretamente as de orixe pluvial, e o efecto nas inundacións do cambio climático nos estudos vencellados á DEI.

Propónse polo tanto un traballo conxunto entre os técnicos de Augas de Galicia, que achegarán o seu coñecemento e experiencia na predición de eventos de inundación e o seu coñecemento sobre o desenvolvemento da DEI e os técnicos da UDC que proporán novas liñas de traballo para dar resposta

Fondo Europeo de Desarrollo Regional


Una manera de hacer Europa

a estas necesidades, integrando as novas tecnoloxías e a experiencia da Administración Hidráulica de Galicia.

Consecuentemente co exposto, as partes deciden desenvolver as actuacións que se detallan no clausulado deste convenio, para así conseguir unha maior rendibilidade de esforzos nesta materia, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS


PRIMERA. OBJETO



O obxecto deste convenio de colaboración é o establecemento das condicións que rexerán a cooperación entre Augas de Galicia e a Fundación da Universidade da Coruña (FUAC) para o desenvolvemento de metodoloxías para a análise de Áreas con Risco Potencial Significativo de Inundacións (ARPSI) pluviais e do efecto do cambio climático en ARPSI fluviais, e a súa aplicación piloto en diversos núcleos do sistema de explotación 1 da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.

SEGUNDA. CONTIDO DA COLABORACIÓN

Por unha banda, analizaranse as metodoloxías utilizadas en distintos países para avaliar o efecto das inundacións pluviais e xerar os mapas de zonas inundables, considerando que nalgúns casos pode ser complexo acceder a información relevante, como a rede de drenaxe.



En base a esta análise, aplicaranse as distintas metodoloxías, desde as máis detalladas ata as que inclúan algunhas hipóteses que permitan acelerar o cálculo e eludir os problemas vinculados á dispoñibilidade de datos, a unha ARPSI pluvial ou a unha zona inundable de orixe pluvial do sistema de explotación 1. Neste ámbito calibrarase a metodoloxía e valorarase se

Fondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa

metodoloxías de rápida implantación e tempo de cálculo poden achegar bos resultados.

O método de cálculo que se considere máis adecuado, combinando a precisión e os recursos consumidos, aplicarase a 4 ARPSI do sistema de explotación 1. Se nestas ARPSI as inundacións pluviais non foran significativas ou non estivesen aínda definidas, aplicarase a núcleos urbanos nos que conste que existen problemas de inundación pluvial, e que poidan ser incorporados ao catálogo de ARPSI no próximo ciclo de planificación.

As ARPSI pluviais incluíranse na plataforma MERLIN, e definiranse os mapas de perigo asociados a distintos períodos de retorno, segundo as directrices da Directiva Europea de Inundacións (DEI).

Por outra banda, a aplicación da DEI inclúe considerar nos mapas de perigo e de risco o efecto do cambio climático. Os vínculos creados con Meteogalicia e AEMET no desenvolvemento de MERLIN permiten colaborar con estas entidades para extraer as proxeccións proporcionadas polos diferentes modelos climáticos globais (CMINP6) e rexionais (EuroCordex) existentes na actualidade para distintos escenarios de cambio climático considerados polo Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático, e obter a partir delas unha estimación do efecto do cambio climático nas precipitacións extremas que deben considerarse nos cálculos de perigo por inundación.

A partir delas, mediante o uso de modelos hidrolóxicos, obtéranse predicións da escorrentía superficial consistentes con estes escenarios. Con base a estas escorrentías proxectadas, calcularanse mediante o uso de modelos hidráulicos novos mapas de perigo, que incorporen o efecto do cambio climático.

Esta análise levarase a cabo en 4 concas e ARPSI do sistema de explotación 1 da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.

Fondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa

TERCEIRA. GRUPO DE TRABAJO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, crearase un grupo de traballo, formado por persoal de Augas de Galicia e polo persoal designado pola FUAC. Representará a FUAC a persoa designada pola UDC como Dirección Técnica do proxecto quen coordinará e impulsará os traballos do grupo e desenvolverá en coordinación con Augas de Galicia as liñas de traballo e actividades recollidas neste convenio, para acadar os fins perseguidos con esta colaboración.



CUARTA. OBRIGAS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto deste convenio;

1.- A FUAC obrígase a:

- Achegar ao grupo de traballo os medios materiais e persoais axeitados e necesarios para a realización das actividades descritas neste convenio, sen prexuízo de que Augas de Galicia lle compense unha parte dos custos nos que incorra.
- Coordinar o grupo de traballo, impulsar os seus traballos e executar as actividades necesarias para a realización do obxecto do convenio.
- Prestar apoio científico-técnico na elaboración de documentación parcial e final, coa achega das materias novidosas obxecto do ámbito da súa investigación.
- Achegar calquera documento ou xustificante que lle sexa solicitado por ser necesario para a adecuada xustificación dos gastos vinculados ao presente convenio ante o Ministerio de Ciencia e Innovación como entidade cofinanciadora do proxecto Innovaugas 4.0.

Fundación
UNIVERSIDADE
DA CORUÑA

Fondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa

- Custodiar a evidencia da realidade material das actuacións, e permitir o acceso e facilitar a documentación e información necesaria para tarefas de control establecidas pola normativa de aplicación.

2.- Augas de Galicia obrígase a:

- Achegar ao grupo de traballo os medios técnicos e persoais axeitados e necesarios para a realización das actividades.
- Achegar toda a información relevante da que se dispoña actualmente para os efectos do desenvolvemento dos traballos obxecto deste convenio.
- Achegar, para os efectos do previsto neste convenio, as cantidades estipuladas na cláusula sexta en concepto de compensación de custos á FUAC.




QUINTA. RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

SEXTA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO

En razón das achegas realizadas pola FUAC para o logro da finalidade común e como compensación dos gastos soportados no desenvolvemento da actividade, da que a súa desagregación queda recollida no anexo 1 deste convenio, a entidade pública empresarial Augas de Galicia achegará un importe máximo de cento trinta e cinco mil euros (135.000,00 €), con cargo ao seu programa de actuacións, investimentos e financiamento, á conta 219, "Outro inmovilizado inmaterial" do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:



Fondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa

2022	85.000,00 €
2023	50.000,00 €

A execución do convenio será cofinanciado nun 80% do gasto elixible pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo Feder Plurirrexional de España 2014-2020, enmarcándose no Obxectivo Temático 1 "Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación"; Prioridade de Investimento 1.b "Fomento do investimento empresarial en I+i, o desenvolvemento de vínculos e sinerxias entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector do ensino superior, en particular mediante o fomento do investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social, a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente, e mediante o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular, en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes"; Obxectivo Específico 1.2.1 "Impulso e promoción de actividades de I+i lideradas por empresas, apoio á creación e consolidación de empresas innovadoras e apoio á compra pública innovadora"; Actuación 1.2.1.4 "Liña de Fomento da Innovación desde a Demanda (FID) e da Compra Pública Innovadora (CPI)" (segundo o documento Criterios e Procedementos de Selección de Operacións (CPSO)). Deste xeito, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER.

Respectaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do citado fondo europeo, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

Fondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa

En canto aos prazos e modos do libramento da achega de Augas de Galicia á FUAC, materializaranse mediante as transferencias dos fondos precisos á FUAC na conta bancaria da que a Fundación sexa titular, cuxa numeración facilitará a tal fin a Augas de Galicia, logo da presentación en Augas de Galicia, antes do 1 de decembro na anualidade 2022 e antes do 31 de marzo na anualidade 2023, da seguinte documentación acreditativa do cumprimento das cláusulas deste convenio:


- Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas.
- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite que se cumpriu a finalidade do presente Convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.

• Calquera outro documento ou xustificante que sexa necesario para a adecuada xustificación dos gastos vinculados ao presente convenio ante o Ministerio de Ciencia e Innovación como entidade cofinanciadora do proxecto Innovaugas 4.0. Concretamente, en relación cos custos directos:

- Honorarios de persoal investigador – mediante follas de honorarios segundo modelo FUAC e pagamento bancario (tarifas dos servizos a prestar ou prezos públicos aprobados pola Universidade da Coruña).
- Viaxes e Dietas – follas de desprazamentos, tickets e facturas e pagamento bancario (tarifas ou prezos públicos aprobados pola Universidade da Coruña).
- Funxibles e outros custos – facturas e documentos asociados ao gasto e pagamento bancario.

A aportación da UDC - Horas de persoal investigador UDC xustificadas nas memorias con cadros de imputación de horas (asinado pola persoa responsable de recursos humanos e o propio persoal investigador).

A FUAC poderá xustificar con cargo á anualidade seguinte os gastos realizados no mes de decembro da anualidade 2022.



Fondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa

Non obstante, a medida que se vaian realizando as tarefas establecidas neste Convenio, Augas de Galicia poderá realizar os abonos parciais establecidos para cada tarefa no anexo 1 deste convenio, a medida que a FUAC xustifique a súa execución.

SÉTIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para facilitar o seguimento e cumprimento dos traballos a desenvolver constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión mixta formada por dous representantes de cada unha das partes para desenvolver as seguintes actuacións:

Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.

-* Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.

Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

OITAVA. CONFIDENCIALIDADE E DEREITOS DE PROPIEDAD INDUSTRIAL E INTELLECTUAL



As partes manterán confidencial calquera información previa que reciban da outra parte, non desvelándoa de ningún xeito sen autorización expresa da outra parte e non utilizándoa para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido polo presente convenio.

Fondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa

A información adquirida, como datos, informe e solucións obtidas durante a realización do presente convenio, así como os resultados parciais e/ou finais, terán carácter confidencial. Cando unha das partes desexe utilizar, en parte ou na súa totalidade, a información adquirida para a súa publicación como artigo, conferencia, etc. deberá solicitar a conformidade á outra parte por escrito. A outra parte deberá responder nun prazo máximo de trinta (30) días, establecendo a súa autorización, as súas reservas ou a súa desconformidade sobre a información que se pretende difundir. Transcorrido devandito prazo sen obter resposta entenderase que o silencio é a tácita autorización para a súa difusión.

Esta obriga de confidencialidade non será de aplicación cando:

- 
- A parte receptora poida demostrar que coñecía previamente a información recibida.
 - A información recibida sexa ou pase a ser de dominio público.
 - A parte receptora obteña autorización previa e por escrito para a súa divulgación.
 - A información sexa requirida xudicialmente.
 - Se deban facer comunicacións no marco das tarefas que Augas de Galicia deba realizar para o adecuado cumprimento do *Convenio de colaboración entre o Ministerio de Ciencia e Innovación (MCIN) e a entidade pública empresarial Augas de Galicia para o proxecto "Xestión avanzada dos recursos hídricos galegos Innovaugas 4.0", cofinanciado con fondos FEDER a través do Programa Operativo FEDER Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020*; particularmente nas obrigas de comunicación co MCIN que Augas de Galicia adquiriu coa sinatura do citado convenio e de difusión pública para o coñecemento da sociedade.
- 

Ambas as partes, comprométense igualmente a que todo o persoal que participa no desenvolvemento do proxecto coñeza e observe o compromiso de confidencialidade regulado por esta cláusula.

Fondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa

Cada parte manterá a propiedade industrial e intelectual dos coñecementos previos achegados. Durante o período de vixencia deste convenio, e sempre que sexa estritamente necesario para o desenvolvemento das actividades do convenio, así como para o cumprimento dos compromisos posteriores, as partes concederanse mutuamente os dereitos de acceso pertinentes aos devanditos coñecementos previos. En ningún caso, estes dereitos de acceso en relación cos coñecementos previos suporán a cesión da súa titularidade nin outorgarán ningún dereito sobre eles á outra parte.

A titularidade dos traballos e dos resultados obtidos no desenvolvemento deste convenio é compartida por Augas de Galicia e a UDC. A Dirección do proxecto será responsable da preparación, solicitude, xestión e mantemento dos dereitos de propiedade novos xerados en relación aos resultados a través da OTRI da UDC.

A UDC poderá utilizar os resultados da execución do convenio exclusivamente para fins de investigación e académicos.

Augas de Galicia poderá utilizar os resultados da execución do convenio para a xestión das competencias que ten atribuídas e para o exercicio dos dereitos de explotación, de calquera forma e modalidade.

As partes deberán informarse mutuamente de calquera resultado novo xerado. Informarase, en especial, daqueles resultados con potencial comercial sexan ou non protexibles por calquera modalidade. Ademais, previo á publicación de resultados, deberán identificarse aqueles que poden ser susceptibles de ser protexidos por propiedade intelectual e/ou industrial, e proceder ao seu rexistro e protección naqueles casos que sexa viable.

As partes cooperarán na xestión dos dereitos de propiedade e na preparación da resposta a calquera comunicación, ou outro tipo de actuación, procedente de calquera oficina ou órgano competente.

No caso de infracción dalgún dos dereitos de propiedade xerados en virtude do presente convenio por parte dun terceiro, a parte que teña coñecemento dela notificarao á outra, achegando todas as probas da infracción á súa

Fondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa

disposición. As partes cooperarán e farán esforzos razoables para deter tal infracción.

NOVENA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo. A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efecto dende o día seguinte ao da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de maio de 2023.

UNDÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e a FUAC e tramitarse a través dunha addenda ao convenio. Non obstante, non se considerará modificación deste instrumento convencional a distribución interna entre as anualidades establecidas do crédito en principio determinado para cada unha delas, sempre que non se incremente o seu importe global. De ser o caso, o importe dunha anualidade non xustificada pasará á anualidade seguinte, previa formalización de acordo entre as partes que recolla a conformidade na nova repartición de anualidades.

DUODÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- O cumprimento do seu obxecto
- O transcurso do seu prazo de vixencia
- Que a Unión Europea non cofinancie o contido desta colaboración a través dos seus fondos estruturais ou de investimento.


Fondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa

Este convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- O mutuo acordo entre as partes asinantes
- A inviabilidade da realización das actividades descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- O incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.


DÉCIMO TERCEIRA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL



As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), , e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO CUARTA. PUBLICIDADE

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.




Este convenio enmárcase no Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020 cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, polo que está suxeito ao estrito cumprimento da normativa nacional e comunitaria, especialmente ás previsións en materia de contratación, publicidade e comunicación contidas no Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento

Fondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa

Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.

Así, as partes asinantes garantirán o estricto cumprimento da normativa de publicidade prevista no citado Regulamento, e en particular a utilización da imaxe do Fondo Financiador (FEDER) en todos os documentos que se xeren no marco deste convenio. As partes asinantes cumprirán as obrigacións de información e publicidade establecidas no anexo XII, sección 2.2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, e, especialmente, as seguintes

- 
- Nos documentos de traballo, así como nos informes e en calquera tipo de soporte que se utilice nas actuacións no marco deste convenio, aparecerá de forma visible e destacada o emblema da UE, facendo referencia expresa á Unión Europea e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.
 - En toda difusión pública ou referencia ás actuacións previstas no marco deste convenio, calquera que sexa o medio elixido (folletos, carteis, etc.), deberanse incluír de modo destacado os seguintes elementos: emblema da Unión Europea de conformidade coas normas gráficas establecidas, así como a referencia á Unión Europea e ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, incluíndo o lema "Unha maneira de facer Europa".

DÉCIMO QUINTA. LOITA CONTRA A FRAUDE

Ambas as partes comprométense a previr activamente a fraude e cumprir as medidas previstas para ese efecto na normativa de aplicación. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco de presente convenio poderá poñer devanditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da

Fondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa

Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado Servizo , por medios electrónicos ou a través da canle habilitada polo devandito Servizo na dirección web

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/inicio.aspx>.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan por duplicado exemplar este documento no lugar e data do encabezado


A presidenta de Augas de Galicia

Ethel María Vázquez Mourelle



O presidente do Padroado da FUAC

José María Barja Pérez



Fondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa

ANEXO 1

Tarefa	Descrición actividade	ACHEGAS (Euros)	
		Augas de Galicia	FUAC
1.1	Análise de metodoloxías para a determinación de inundacións pluviais con distintos niveis de aproximación segundo os datos dispoñibles.	10.000	10.000
1.2	Aplicación das distintas metodoloxías a un núcleo piloto no sistema de explotación 1. Calibración con datos históricos dispoñibles.	15.000	5.000
1.3	Aplicación dun método robusto e adaptado aos datos dispoñibles a 4 ARPSI ou núcleos urbanos no sistema de explotación 1.	30.000	10.000
1.4	Integración en MERLIN das áreas pluviais seleccionadas.	20.000	
2.1	Análise das proxeccións climáticas de modelos globais de cambio climático dispoñibles, en 4 concas do sistema de explotación 1.	12.450	5.000
2.2	Transformación choiva-caudal incorporando o efecto do cambio climático en 4 ARPSI do sistema de explotación 1.	15.000	5.000
2.3	Xeración de mapas de perigo que incorporen o efecto do cambio climático en 4 ARPSI do sistema de explotación 1.	15.000	
3.1	Elaboración de guía para a implementación e uso das aplicacións	17.550	
	TOTAL	135.000	35.000